

INSTRUCCIÓN INFORME PRÁCTICAS

Nome da alumna/o

Contido do informe

Obxectivo da práctica

O obxectivo desta práctica é comprobar se existe unha relación entre a densidade ósea e a resistencia ás caídas/fracturas (por ser a primeira práctica do curso, douvos eu o obxectivo, nas próximas teredes que redactalo vós).

Materiais empregados

Escribe unha lista de todo o material utilizado para realizar a práctica. Ollo! Non te guíes pola lista do guión, porque está incompleta.

Procedemento

Explica detalladamente e paso a paso o que fixemos durante a práctica. Tes que dar unha explicación que sirva para que unha persoa que non teña guión poida replicar exactamente o que fixemos.

Resultados

Recolle neste apartado a táboa do guión que contén o número de cereais iniciais, finais e % de óso danado polo impacto para todos os grupos.

Conclusións

Tendo en conta o obxectivo da práctica e os resultados obtidos, explica as conclusións obtidas. Podemos dicir que existe unha relación entre a densidade ósea e a resistencia ás caídas/fracturas? Se os resultados non son os esperados, como podemos explicalo?

Resposta á pregunta 2 do guión

Inclúe as dúas respostas, a que contestaches no laboratorio, sen acceso a información externa, e a definitiva, a que contestas unha vez comprobadas as túas respostas con información externa.

Bibliografía

Para comprobar se a túa primeira resposta foi correcta, consulta fontes fiables e recólleas neste apartado. Lembra, só fontes fiables!

Formato

Podedes entregalo dixitalmente, en formato pdf, ou a man (o xoves anterior en clase ou o propio venres, achegándovos ao departamento de Bioloxía no recreo; é a porta que está ao lado da conserxería).

O nome do arquivo debe ser: InformeOsteoporose_Nome_Apelido. Por exemplo, se te chamas Diana Gómez: InfomeOsteoporose_Diana_Gómez.

Entrega

Antes das 23:59 do venres 7 de novembro, a través da aula virtual.

Faise unha entrega por persoa.

Rúbrica de cualificación

Formato (0,5 p.)	Todas os requirimentos de formato están cumpridos → 0,5 p.	Un ou dous requirimentos de formato están incumpridos → 0,25 p.	Tres ou máis requirimentos de formato están incumpridos → 0 p.
Materiais (1 p.)	A lista de materiais está completa → 1 p.	Falta un ítem da lista de materiais → 0,75 p. Faltan dous ítems da lista de materiais → 0,5 p. Faltan tres ítems da lista de materiais → 0,25 p.	Faltan máis de tres ítems da lista de materiais → 0 p.
Procedemento (3 p.)	O procedemento está completo e claro → 3 p.	Por cada indicación ou paso ausente no procedemento, restarase 0'25 á nota do apartado.	
Resultados (0,5 p.)	Os resultados son coherentes cos do resto do alumnado → 0,5 p.	Hai unha ou dúas incoherencias cos resultados do resto do alumnado → 0,25 p.	Hai máis de dúas incoherencias cos resultados do resto do alumnado → 0 p.
Conclusións (2 p.)	As conclusións están totalmente xustificadas e son coherentes cos resultados → 2 p.	As conclusións son coherentes cos resultados pero non están completamente xustificadas → 1 p.	As conclusións non son coherentes cos resultados → 0 p.

Resposta á pregunta (1 p.)	A resposta é totalmente correcta → 1 p.	Hai ata tres apartados que non son correctos → 0,5 p.	Hai máis de tres apartados que non son correctos → 0 p.
Bibliografía (2 p.)	Non hai ningunha fonte non fiable → 2 p.	Ata un 25% das fontes citadas non son fiables → 1 p.	Máis dun 25% das fontes citadas non son fiables → 0 p.

Se o informe se entrega máis tarde da data límite, por cada día de retraso á nota obtida restaránselle 0'5 p.